Concello de Pontevedra
Servizo de Deportes

rúa de Xoán Manuel Pintos, s/n

986 872 013
sede.pontevedra.gal

Resolución do Concelleiro responsable da área Legal e Económica relativa á aprobación e adxudicación de contrato menor

Expediente: 2024/DOCCM/000364

Antecedentes:

Formulouse no expediente sinalado anteriormente por parte do servizo ou unidade proposta de contrato menor conforme ao modelo que ten o Concello de Pontevedra (DOCCM).

Da proposta considérase que se motiva a necesidade do contrato así como que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación de contratación.

Por outro lado, proponse a adxudicación do contrato a unha empresa, que se considera a máis vantaxosa economicamente cando conste máis dunha oferta de conformidade coa circular sobre os contratos menores do concelleiro de contratación e Facenda de data 21 de maio de 2019.

Así mesmo, no expediente do contrato menor incorporouse informe do Órgano de Xestión Presupostaria e Contabilidade sobre a existencia de crédito para realizar o gasto correspondente ao contrato menor referido.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Para a contratación administrativa dos entes locais é de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Dentro dos distintos procedementos que se contemplan na citada lei para realizar contratos, un deles é o menor, que constitúe un procedemento moi simplificado e áxil para a satisfacción rápida de determinadas necesidades.

O contrato menor regúlase esencialmente, pero non exclusivamente, nos artigos 29.8, 118 e 131.2 e disposición adicional novena da LCSP.

O contrato menor esta previsto no artigo 118 da LCSP, para os contratos de obras no que o valor estimado sexa inferior a 40.000 euros e para os de servizos e subministro nos que o valor estimado sexa inferior a 15.000 euros, sen prexuízo da regulación especial contida na disposición adicional novena da LCSP.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:WISN4638LU5V5HLB

Por outro lado, de conformidade co artigo 29.8 da LCSP, os contratos menores non poden ter unha duración superior a un ano e ser obxecto de prórroga.

Pois ben, do sinalado no expediente despréndese que o contrato menor que se pretende realizar que se menciona na parte dispositiva desta resolución cumpre os parámetros anteriores para poder realizarse.

En relación ao contido do expediente do contrato menor, debe estarse principalmente ao disposto na circular sobre contratos menores do concelleiro de contratación e facenda de data 21 de maio de 2019, ás bases de execución do orzamento, en especial a base 48 así como ao artigo 118 da LCSP.

Sobre a tramitación dos contratos menores existe unha cuestión controvertida, como é se resulta esixible informe xurídico. O Concello de Pontevedra decidiu solicitar expresamente informe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da da Comunidade Autónoma de Galicia sobre dita cuestión, que foi emitido mediante informe 3/2023, onde conclúe, entre outros extremos, que non resulta preceptivo que se incorpore informe xurídico nos contratos menores. Ao mesmo, emitiu informe o Director da Asesoría Xurídica do Concello e, a Xunta de Goberno Local, en base aos mesmos, en sesión de data 15 de maio de 2023, acordou asumir o criterio expresado do órgano consultivo en materia de contratación autonómico e, "*determinar que non se esixe ou require nos contratos menores que tramite o Concello de Pontevedra o informe xurídico ao que e refire o apartado 8 da disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 23/2014/UE e 24/2014/UE, de 26 de febreiro, isto é, informe da Asesoría Xurídica, co cal dito documento non deberá formar parte de dito tipo de negocios xurídicos*". En consecuencia, en cumprimento de dito acordo, non se considera necesario incluír o citado informe nos expedientes de contratos menores. Non obstante, en dito acordo indícase que é posible requirilo e que se incorpore ao expediente, cando a concelleira de réxime interior, contratación e promoción da cidade "*o considere necesario ou conveniente ou naquelas materias ou expedientes que así o determine, para maior garantía xurídica*". Polo tanto, só nestes últimos casos resulta preceptivo dito informe xurídico.

Tendo en conta o exposto, en relación ao contido expediente do contrato menor que se pretende adxudicar, cumpre as esixencias mínimas para poder realizarse validamente.

En consecuencia, e sendo preciso realizar o contrato menor sinalado para satisfacer a necesidade que obra no expediente, é polo que procede que se aprobe o expediente xunto co gasto, de ser o caso, así como que se adxudique o mesmo á empresa proposta polo servizo ou unidade administrativa.

No caso de tramitación anticipada o compromiso de gasto queda condicionado á verificación da existencia de crédito no exercicio a que corresponde a imputación do gasto.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:WISN4638LU5V5HLB

Segundo.- A competencia para aprobar e adxudicar o presente contrato menor é da Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP. Non obstante, dita competencia foi delegada no Concelleiro responsable da área legal e económica, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro do 2024.

A vista do exposto, pola delegación da Xunta de Goberno local mencionada,

Resolvo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor que se menciona a continuación e adxudicar o mesmo ao terceiro que de seguido se indica, polos conceptos, importes, e coas condicións que se relacionan:

Tipo de contrato: Servizos

OC: L01360388

OG: L01360388

UT: GE0012475 - DEPORTES

Motivación da necesidade a satisfacer: EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DOS ARTIGOS 25.2L E 26.1C DA LEY 7-1985, DE 2 DE ABRIL

Concepto: SERVIZO DE XESTIÓN DO EVENTO: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BALONCESTO INFANTIL FEMININO

Terceiro ou adxudicatario: FEDERACION GALEGA DE BALONCESTO con NIF: V15115306

Importe:

Base	IVE (%)	Valor IVE	Suma
12.880,01 €	0	0 €	12.880,01 €

Total: - €

Prazo de duración: 8 Día/s

Distribución plurianual:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:WISN4638LU5V5HLB

Anualidade	Importe
-	- €
-	- €

No tocante ás condicións de prestación e formas de pago estarase ao disposto no documentos de proposta de DOCCM con CSV 315QMT2GCNWHPTSI que se incorpora ao expediente e no non previsto nesta, aplicarase as normativa de contratación.

Segundo.-

Autorizar e dispoñer o gasto relativo ao contrato menor que se adxudica, con cargo a/s aplicación/s orzamentaria/s do orzamento vixente de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Operación	Importe
05/3410/22706	12024000024840	12.880,01 €

Total: 12.880,01 € €

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

Asinado por: SELLO ELECTRONICO SECRETARIA
En data: 31/05/2024
RESOLUCIÓN: 2024004067

Asinado por: RAIMUNDO GONZÁLEZ CARBALLO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 31/05/2024

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:WISN4638LU5V5HLB